

1.2. Os mapas temáticos

1.2.1. Os mapas temáticos e os seus tipos

Os mapas temáticos cartografan fenómenos xeográficos concretos. Poden ser:

■ **Cualitativos**, se representan fenómenos xeográficos non medibles (rochas, minas).

■ **Cuantitativos**, se representan o valor de fenómenos xeográficos medibles (temperatura, densidade de poboación).

En ambos os dous casos, a información pode mostrarse mediante superficies, liñas ou figuras.

a) Os mapas de superficies representan fenómenos xeográficos que se estenden no espazo.


■ Os mapas corocromáticos representan a superficie ocupada por fenómenos xeográficos cualitativos mediante cores (clima, vexetación, solo, usos agrarios).



Representa a superficie ocupada por un fenómeno xeográfico cualitativo en función dos trazos que o caracterizan e, polo tanto, independentemente das divisións administrativas. Exemplo, a distribución dos usos agrarios de España mediante cores (as zonas agrarias non coinciden coa división provincial).


■ Os mapas de coropletas representan fenómenos xeográficos cuantitativos en divisións territoriais establecidas (países, provincias, municipios), mediante cores ou tramas de intensidade proporcional á cantidade que representan.

Por exemplo, a densidade de poboación.



Representa fenómenos xeográficos cuantitativos en unidades territoriais establecidas. Exemplo, a densidade de poboación nas provincias españolas, utilizando cores de intensidade crecente canto maior é o valor da densidade de poboación.


■ Os mapas anamórficos ou distorsionados representan fenómenos xeográficos cuantitativos, cambiando a superficie real dos espazos para facela proporcional ao feito que cartografan e xeometrizando as formas para poder calcular o seu valor. Por exemplo, o tamaño das comunidades faise proporcional á súa poboación.



Representa fenómenos xeográficos cuantitativos, cambiando o tamaño das comunidades e xeometrizando as súas formas. Exemplo, as comunidades autónomas adoptan un tamaño proporcional á súa poboación e formas rectangulares e cadradas.


b) Os mapas de liñas representan fenómenos xeográficos lineais (ríos, divisións administrativas); redes ou conexións entre lugares (redes de transporte) e fluxos ou movementos mediante frechas (migracións). Se indican cantidade, o grosor das liñas ou frechas debe ser proporcional a ela. As liñas tamén se empregan para unir puntos co mesmo valor dun fenómeno; caso dos mapas de **isoliñas**.

Por exemplo, o mapa de isohietas une os puntos coa mesma precipitación. Os espazos entre as liñas poden raiarse ou colorearse.




Utiliza liñas para unir os puntos co mesmo valor dun fenómeno. Exemplo, o mapa de isohietas utiliza liñas para unir os puntos coa mesma precipitación. O espazo entre as liñas coloréase para facilitar a lectura do mapa.

c) Os mapas de figuras localizan fenómenos xeográficos puntuais, mediante símbolos ou figuras xeométricas (ciudades, minas). Se indican cantidade, o tamaño da figura debe ser proporcional a esta (mapa de figuras proporcionais). Por exemplo, cadrados para localizar cidades cun tamaño proporcional á súa poboación.



Representa os fenómenos xeográficos puntuais utilizando figuras xeométricas. Exemplo, cadrados para localizar as áreas urbanas españolas, de tamaño proporcional ao seu número de habitantes.

d) Os mapas de diagramas superpoñen a un mapa diagramas ou gráficos (de barras, de sectores, etc.) para mostrar a súa información sobre o espazo correspondente. Por exemplo, un gráfico coa proporción entre a poboación rural e a poboación urbana.



Representa a información gráfica sobre o lugar xeográfico correspondente. Exemplo, a proporción entre a poboación rural e a poboación urbana representábase mediante un gráfico circular localizado sobre a comunidade correspondente.

1.3.2. Comentario de mapas temáticos

O comentario debe seguir estes pasos:

a) Aspectos xerais

- **Identificación do tipo de fonte:** mapa temático.
- **Fenómeno xeográfico que representa** (relevo, densidade de poboación, etc.). Hai que fixarse no título do mapa e a súa lenda.
- **Espazo xeográfico** ao que se refire e **data**.
- **Fonte** de procedencia dos datos, se consta.

b) Comentario

- **Definición do fenómeno** xeográfico representado.
- **Características da súa localización ou distribución:** diferenciación de áreas e características de cada unha delas.
- **Explicación** do fenómeno xeográfico utilizando os coñecementos que se teñen sobre el: causas e consecuencias da distribución.
- **Outros comentarios** se procede: **comparación** con outros países ou espazos do ámbito; **previsible tendencia futura**.